

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO
CONCELLO DE CARBALLO**

EXERCICIOS 2013 A 2017

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	1
I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN.....	1
I.2. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN	1
I.3. OBXECTIVO E METODOLOXÍA.....	2
I.4. NORMATIVA REGULADORA	2
II. CONCLUSIÓNS	4
II.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO	4
II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS.....	4
II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE	4
II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento.....	4
II.3.2 Opinión sobre o cumprimento da legalidade	4
II.3.3 Conclusións sobre os resultados da fiscalización.....	5
III. RECOMENDACIÓNS	6
IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN	7
IV.1. NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO.....	7
IV.1.1 Situación económica financeira.....	9
IV.1.2 Modalidade e contido do control interno da entidade	10
IV.1.3 Cumprimento da normativa sobre transparencia	11
IV.2. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN	13
IV.2.1. Aspectos xerais da xestión do persoal no Concello de Carballo.....	13
IV.2.2. Réxime das retribucións extraordinarias dos empregados públicos.....	15
IV.2.3. Control interno do abono das retribucións extraordinarias.....	22
IV.2.4. Contabilización das gratificacións e retribucións extraordinarias	23
ANEXOS	27
TRÁMITE DE ALEGACIÓNS	39
RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS	39

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Datas de tramitación da conta xeral	8
Cadro 2 Datas de remisión dos contratos e dos acordos contrarios aos reparos da intervención	8
Cadro 3: Estabilidade orzamentaria Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017	10
Cadro 4: Obrigas recoñecidas por gratificacións e horas extra. Exercicios 2013 a 2017	23
Cadro 5. Gratificacións abonadas ao persoal funcionario	24
Cadro 6. Horas extras realizadas polo persoal laboral	24

ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO 1. Orzamento de gastos. Exercicios 2013 a 2017	29
ANEXO 2. Resultado orzamentario. Exercicio 2013 a 2017	30
ANEXO 3. Remanente tesourería Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017	32
ANEXO 4. Comparativa de remanentes de tesourería dos concellos tramo 2. Exercicios 2013 a 2017	33
ANEXO 5. Cuestionario de control interno	34

ABREVIATURAS

BOP.....	Boletín Oficial da Provincia
LALG.....	Lei da Administración local de Galicia
LBRL.....	Lei de bases de réxime local
LOEOSF.....	Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
LTAIBG.....	Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que se celebrou o 20 de decembro de 2018, aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019. Entre as actividades previstas acordase levar a cabo a fiscalización selectiva do Concello de Carballo, identificada mediante o procedemento de fiscalización FIS0601 e expediente 1622019-15, que se refire a diversas cuestións sobre o abono de retribucións e gratificacións extraordinarias aos empregados públicos municipais.

I.1. ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

A exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, alude a un novo mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de denuncias remitidas pola cidadanía ou asociacións con personalidade xurídica a fin de fomentar a participación cidadá na prevención dos riscos de corrupción.

De conformidade coa normativa do Consello de Contas artigo 24.3 da Lei 6/1985 do Consello de Contas de Galicia e artigo 35.1 do seu Regulamento de réxime interior, a iniciativa da fiscalización corresponde ao Consello de Contas, adoptándose por acordo do Pleno, previa comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

A presente actuación do Consello de Contas é consecuencia da denuncia presentada por un ex traballador do Concello de Carballo ante a Fiscalía provincial da Coruña, quen, mediante Decreto do 15 de setembro de 2017, arquiva a Declaración de Investigación Penal nº 164/2017, comunicándose o dito arquivo, aos efectos procedentes, ao Consello de Contas de Galicia o día 25 de setembro de 2017 (número 873 de rexistro de entrada).

Baseándose nesta comunicación, e logo da análise da documentación recibida, o Pleno do Consello de Contas do 21 de novembro de 2017 toma en consideración a inclusión da fiscalización na confección de futuros plans de traballo da Institución, acordo que se materializa na posterior sesión do 20 de decembro de 2018, no que se aprobou o seu Plan de traballo para o exercicio 2019.

I.2. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización é o Concello de Carballo.

O ámbito obxectivo é a auditoría de cumprimento dos gastos de persoal respecto das gratificacións extraordinarias e as horas extras e a práctica xeneralizada da frecuencia dos servizos extraordinarios sobre a base dos feitos relatados no Decreto do 15 de setembro de 2017 da Fiscalía provincial da Coruña.

Respecto ao ámbito temporal abarca aos exercicios 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, estendéndose

aos exercicios posteriores cando se considerou de interese.

I.3. OBXECTIVO E METODOLOXÍA

O obxectivo da presenta fiscalización é a análise e comprobación, mediante a realización dunha auditoría de cumprimento, dos acordos de abono de gratificacións e horas extraordinarias adoptadas polo Concello de Carballo nos exercicios 2013 a 2017.

A metodoloxía empregada consistiu en comprobar:

1. A situación da entidade:
 - A través da información requirida do control e xestión de persoal.
 - A través da información dispoñible na Plataforma de rendición de contas das entidades locais.
 - A través do portal de transparencia.
2. Cumprimento da legalidade tanto con relación ás gratificacións extraordinarias, no relativo ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa para poder imputar estes gastos aos funcionarios, como respecto do cumprimento dos requisitos previstos na normativa respecto ao abono de horas extras e a súa contía e xustificación no caso do persoal laboral.
3. Cumprimento dos límites orzamentarios aplicables ao pagamento destas retribucións extraordinarias e verificación da súa correcta contabilización.

Os traballos leváronse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización contidos nas ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 400 e ISSAI-ES 4000.

I.4. NORMATIVA REGULADORA

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril, rectificadora no BOE nº 139, do 11 de xuño), e sucesivas modificacións, entre outras a Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE nº236, do 2 de outubro).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público (BOE nº 236, do 2 de outubro).
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local (BOE nº 113, do 12 de maio).
- Circular 3/1996, do 30 de abril de 1996, da Intervención xeral da administración do estado, pola que se ditan instrucións sobre o exercicio da función interventora.
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo; corrección de erros no BOE nº 63, do 13 de marzo).
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (BOE nº 261, do 31 do outubro).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (DOG nº 82, do 4 de maio).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro).
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, (BOE nº 101, do 28 de abril).
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción (DOG nº 164, do 28 de agosto).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do funcionamento do Tribunal de Cuentas (BOE nº 84, do 7 de abril).
- Bases de execución orzamentaria dos respectivos exercicios obxecto de análise.
- Decreto da alcaldía 825/2007, do 24 de abril, que aproba o regulamento de xornada laboral e de xestión do cadrante anual dos servizos prestados no réxime de quendas da policía.

II. CONCLUSIÓNS

II.1. RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada de gratificacións extraordinarias e horas extras estean libres de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

II.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha conclusión de auditoría financeira e de cumprimento da legalidade, por parte da entidade incluída no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de persoal respecto ás gratificacións extraordinarias e horas extra, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, así como sobre a información e documentación solicitada polo Consello de Contas no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

II.3. CONCLUSIÓNS SOBRE CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

II.3.1 Fundamento da opinión do cumprimento

O Concello de Carballo prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo en forma e prazo aos requirimentos realizados no marco da presente fiscalización.

II.3.2 Opinión sobre o cumprimento da legalidade

Na nosa opinión, o Concello de Carballo utiliza de xeito continuado a figura de gratificacións extraordinarias e horas extraordinarias, sen que responda, en todos os casos, a necesidades excepcionais, extraordinarias e puntuais, aínda recoñecendo as dificultades impostas polas restricións orzamentarias en materia de contratación de persoal no período examinado. A falta de control horario ou de presenza do seu persoal así como a falta dos prazos para xustificar o gasto,

para a realización da proposta de pago e para a aprobación do gasto constitúe un risco significativo da entidade.

II.3.3 Conclusións sobre os resultados da fiscalización

1 Con respecto aos procedementos establecidos polo Concello de Carballo, cabe destacar as debilidades para o seu control que dificultan a verificación da realidade das horas extraordinarias ou servizos extraordinarios realizados fóra da xornada habitual.

2. Control interno das horas extraordinarias. Confírmanse e ratífanse as observacións postas de manifesto polo órgano da intervención nos seus informes de reparos, como o de informe de fiscalización da nómina de maio de 2016, no relativo aos seguintes aspectos:

- Incumprimento do principio de devindicación
- Carácter ordinario dalgúns dos traballos realizados, dado que se repiten todos os meses.
- Reiteración na realización de horas extraordinarias por determinados colectivos que esgotan o crédito para este tipo de retribución en detrimento doutros.
- Non se usa exclusivamente o concepto de gratificacións extraordinarias para o abono de prestacións con esta natureza, senón que se asignan cantidades fixas pola realización de servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo.
- Pagamento de horas extraordinarias sen que consten cunha solicitude, motivación e autorización previa.

3. Regulación do horario do persoal. A entidade non ten establecido ningún mecanismo de control horario ou de presenza do seu persoal e tampouco hai ningunha norma escrita que estableza o horario a realizar polo persoal. A normativa sobre a materia remítese á xenérica estatal en relación coa xornada semanal obrigatoria.

4. Autorización de gratificacións extraordinarias ou horas extraordinarias.

- A autorización do alcalde faise, na maioría dos casos, de forma xenérica para funcións a realizar por unha persoa e non para traballos específicos.
- Non existe un formulario normalizado para realizar a xustificación dos traballos extraordinarios nin prazo para facelo.
- Tampouco existe prazo para a realización da proposta de pago e para a aprobación do gasto pola Xunta de Goberno Local.

- Retribúense mediante gratificacións extraordinarias traballos que non deberían ter carácter de extraordinarios, atendendo con frecuencia a cantidades abonadas como concepto retributivo mensual.

- En xeral, o abono de gratificacións e horas extraordinarias afectan a persoas vinculadas coas seguintes actividades: policía local, protección civil, urbanismo, traballos sociais, promoción do emprego, informática, administración xeral, administración financeira, promoción cultural e instalacións deportivas.

5. Cuantificación das horas extraordinarias

- O cálculo do importe da hora extraordinaria a aboar a cada traballador/a non se axusta ao disposto nas Bases de execución do orzamento nin está actualizado, sen que resulten incluídas a antigüidade e as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores/as. Porén, o importe da hora extraordinaria resulta superior ao da hora ordinaria, tal e como esixe o artigo 35 do ET.

- Durante os exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016 non se levou a cabo un axeitado control das horas extras realizadas, situación que cambia a partir do exercicio 2017.

6. Contabilización das horas extraordinarias

As Bases de execución do orzamento recollen que as gratificacións de funcionarios deben imputarse ao subconcepto 151.00 do orzamento de gastos e as horas extra dos laborais ao 151.01. Este criterio non é concordante coa previsión da orde EHA/3565/2008 que aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que prevé o subconcepto 130.01 para recoller as horas extraordinarias do persoal laboral fixo e o concepto 131 para contabilizar todas as retribucións do persoal laboral temporal.

7. Transparencia

O Concello de Carballo ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia axustándose, en xeral, a publicidade activa. No relativo á rendición de contas a entidade presenta a conta xeral de cada exercicio dentro do prazo establecido, mais a información relativa aos contratos e aos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención so presentan en prazo os datos correspondentes ao exercicio 2016.

III. RECOMENDACIÓNS

1. Sería convinte que o Concello de Carballo regulase expresamente o horario laboral do seu cadro de persoal e implantase un mecanismo de control horario ou de presenza para verificar o cumprimento do mesmo.

2. Recoméndase, con carácter xeral, que o Concello de Carballo limite a imputación destes gastos de carácter extraordinario a necesidades reais e non habituais, para o que se aconsella un exame das prestacións retribuídas mediante esta fórmula para a súa futura planificación dentro das necesidades ordinarias.
3. Aconséllase, no caso de que existan necesidades ordinarias que sexan atendidas por un determinado colectivo, ademais, á modificación do complemento específico, en lugar do uso continuo da gratificación.
4. Enténdese convinte adoptar un modelo normalizado para a solicitude de realización de prestacións extraordinarias, que incluírá unha motivación suficiente da necesidade de realizar os concretos servizos e do seu carácter extraordinario.
5. Deberían establecerse prazos para a xustificación dos gastos extraordinarios, a realización da proposta de pago e a aprobación do gasto, co fin de minimizar o desfase temporal entre a realización do servizo e o seu correspondente abono.
6. A cuantificación do importe das retribucións extraordinarias debe realizarse de acordo coas normas que á súa vez se aproben ao efecto de actualizar as existentes na actualidade.
7. Debe adecuarse a contabilización das gratificacións ou horas extraordinarias ao concepto orzamentario correspondente á natureza do persoal que as realiza.
8. Enténdese convinte que o Concello de Carballo aprobe os distintos instrumentos, previstos normativamente, que permiten mellorar a planificación dos recursos humanos e garanten a promoción e formación profesional dos empregados públicos da entidade, tales como plans de recursos humanos, plans de formación ou un organigrama actualizado. Tamén se aconsella a elaboración de manuais de procedementos ou instrucións internas para o desenvolvemento dos procedementos en materia de persoal.

IV. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

IV.1. NATUREZA DO ENTE FISCALIZADO

O Concello de Carballo é unha entidade local que contaba a 1 de xaneiro de 2013 cunha poboación de 31.366 habitantes, segundo datos do INE, caracterizándose durante o período examinado pola perda de poboación dun exercicio con relación ao anterior, 78 persoas no censo de 2014, 5 persoas no censo de 2015, 27 persoas no censo de 2016 e 61 persoas ata deixar o censo a 1 de xaneiro de 2017 en 31.195 habitantes.

Non ten entidades dependentes, nin ten participacións en sociedades mercantís.

Informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017

A composición da corporación resultante das eleccións de 2011, foi a seguinte: BNG, 10 concelleiros/as; PP, 8 concelleiros/as; Terra Galega, 2 concelleiros/as e PSdG-PSOE, 1 concelleiro/a; resultando elixido Alcalde o candidato do BNG.

A corporación resultante das eleccións de 2015 quedou conformada pola seguinte representación: BNG, 11 concelleiros/as; PP: 5 concelleiros/as; Terra Galega, 3 concelleiros/as e PSdG-PSOE, 2 concelleiros/as, resultando reelixido Alcalde o candidato do BNG.

Os aspectos básicos da entidade, agrupada no tramo de concellos de máis de 20.000 habitantes, réxese pola LRBRL e pola LALG.

No relativo ao cumprimento das obrigas de remisión da información, que debe realizar a través da Plataforma de rendición de contas das entidades locais, correspondentes aos exercicios obxecto de análise, con relación á conta xeral consta a seguinte situación:

Cadro 1. Datos de tramitación da conta xeral

Trámite	Exercicio				
	2013	2014	2015	2016	2017
Data aprobación Orzamento	07-05-13 ¹	02-01-14	23-01-15	26-01-16	03-01-17
Data aprobación Liquidación	28-02-14	11-03-15	16-03-16	23-03-17	12-04-18
Data formación Conta	15-05-14	01-06-15	16-08-16	26-07-17	27-07-18
Data informe Comisión Especial de Contas	21-05-14	04-06-15	19-08-16	31-07-17	01-08-18
Data inicio Exposición	29-05-14	17-06-15	24-08-16	07-08-17	07-08-18
Data presentación Conta	23-07-14	23-07-15	26-09-16	21-09-17	18-09-18
Data aprobación Conta	28-07-14	27-07-15	26-09-16	25-09-17	24-09-18
Data de rendición de Conta	27-10-14	08-10-15	14-10-16	13-10-17	15-10-18

Fonte: Plataforma de rendición de contas

(1) Data de publicación no BOP da Coruña nº 86 do anuncio de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello de Carballo.

En consecuencia, a presentación da conta xeral efectúase, en todos os exercicios, dentro do prazo legalmente previsto.

Respecto a obriga de comunicación de información relativa a formalización de contratos no período fiscalizado e aos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, de remisión obrigatoria partir do exercicio 2014, na Plataforma de rendición de contas das entidades locais figuran os seguintes datos:

Cadro 2 Datos de remisión dos contratos e dos acordos contrarios aos reparos da intervención

Exercicio	Data de remisión información contratos	Data límite de remisión de contratos	Data de remisión información reparos	Data límite de remisión de reparos
2013	Non consta	Antes do 01/03/2014	Non obrigación	---
2014	Non consta	Antes do 01/03/2015	14/10/2015	Antes do 15/10/2015
2015	13/06/2018	Antes do 01/03/2016	04/10/2016	Antes do 30/04/2016

Exercicio	Data de remisión información contratos	Data límite de remisión de contratos	Data de remisión información reparos	Data límite de remisión de reparos
2016	01/02/2017	Antes do 01/03/2017	26/04/2017	Antes do 30/04/2017
2017	13/06/2018	Antes do 01/03/2018	30/04/2018	Antes do 30/04/2018

Polo tanto, o concello incumpriu coa nova regulación de remisión da información de contratos, relativos aos exercicios 2013, 2014 e 2015, cumprindo na remisión dos correspondentes aos exercicios 2016 e 2017; respecto á información dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, o concello remitiu en prazo a información dos exercicios 2014, 2016 e 2017 e fóra de prazo a información correspondente ao exercicio 2015.

Mediante acordo do Pleno do Concello de Carballo do 25 de abril de 2016 aprobouse o Plan económico financeiro 2016-2017, por incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2015, executándose o Plan de acordo coas previsións contidas no mesmo.

IV.1.1 Situación económica financeira

O Concello de Carballo presenta, de acordo cos datos que figuran na Plataforma de rendición de contas dos respectivos exercicios, unha boa situación económica financeira, tal como se recolle nos seguintes apartados:

Orzamento de gastos

O importe das obrigas recoñecidas netas de gastos de persoal con relación ao total de gastos presentan unha variación entre o 25,94% no exercicio 2015 e o 31,37% no orzamento 2017 como se se reflicten nos orzamentos que figuran no Anexo 1.

Resultado orzamentario

O resultado axustado, que se recolle no Anexo 2, presenta cifras positivas en todos os exercicios, variando o mesmo entre 3.940.714,35€ no 2015 e 2.358.532,55€ no 2014.

Remanente de tesourería

Obsérvase un incremento xeneralizado do remanente de tesourería para gastos xerais ano tras ano, tal e como se reflicte no Anexos 3 e 4.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEOSF esixe o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no momento da elaboración, aprobación e execución do orzamento, atendendo a tres magnitudes: estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira.

Dos datos publicados polos Ministerio de Facenda e Función Pública, recollidos no cadro seguinte, resulta que o Concello de Carballo:

- Cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria en todo o período presentando os saldos non financeiros (sen incluír axustes do SEC) que oscilan entre o 1.659.510,22 euros do exercicio 2015 aos 3.707.461,13 euros do exercicio 2017.
- Cumpre co obxectivo do límite da débeda no período analizado, presentando un nivel por debaixo do límite establecido polo Real decreto lei 8/2010, modificado polo Real decreto lei 20/2011 dotado de vixencia indefinida pola disposición final 3 da Lei 17/2012 do 27 de decembro, de orzamento do Estado do 2013, que fixa a porcentaxe do 75% dos ingresos correntes como límite para concertar novas operacións de crédito.
- Cumpriu coa regra de gasto para os exercicios 2013, 2014, 2016 e 2017, mais na liquidación do exercicio 2015, como consecuencia da incorporación de remanentes líquidos de tesourería para gastos xerais para o financiamento de obrigas por importe de 1.155.340,11 € motivou o incumprimento da regra de gasto. En concreto, dunha capacidade de financiamento de 1.800.836,35 € o incumprimento da regra de gasto ascendeu a 999.004,62 €, motivo polo que foi preciso elaborar e aprobar o Plan económico financeiro 2016/2017, axustándose o Concello de Carballo ao mesmo ao longo dos dous exercicios que estivo vixente.

Cadro 3: Estabilidade orzamentaria Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017

Exercicio	Saldo non financeiro	Endebedamento	Ingresos correntes (Capítulo I a V)	% Débeda s/ingresos correntes	Regra de gasto
2013	2.335.925,00	3.677.283,99	19.330.813,15	19,02	Cumpre
2014	2.030.954,10	2.566.903,29	20.221.912,08	12,69	Cumpre
2015	1.659.510,22	2.334.156,98	21.964.259,07	10,63	Non cumpre
2016	2.341.542,76	1.112.251,05	21.916.261,13	5,08	Cumpre
2017	3.707.461,13	1.520.312,42	24.706.273,75	6,15	Cumpre

IV.1.2 Modalidade e contido do control interno da entidade

O entorno de control, que se dirixe a lograr o cumprimento das disposicións legais e regulamentarias, é de especial importancia na auditoría de cumprimento (ISSAI-ES-400; P49). Dos datos facilitados polo órgano de control interno trala solicitude de información polo Consello de Contas, pode destacarse o seguinte:

- Non existe ningún manual de procedemento relacionado coas áreas de control interno, regulándose este nas BEO.
- O concello ten establecida a fiscalización plena, pero na práctica límitase ao requisitos básicos.

- Ten normalizado o procedemento de xestión de facturas
- A entidade ten aprobado un Plan de disposición de fondos da tesourería.
- O Concello non ten establecido un plan anual de control financeiro
- Na xestión de ingresos substitúese a fiscalización previa pola toma de razón na contabilidade, mais non se levan a cabo actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxes estatística feitas pola intervención en funcións da natureza dos dereitos, tempo e calidade.
- A comprobación material dos investimentos efectúase mediante a acta de recepción asinada polo técnico correspondente, sen adecuarse ao artigo 20 do RD 424/2017, vixente na actualidade, nin á Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. O Concello de Carballo xestiona un anexo de investimentos, que aproximadamente representa unha quinta parte do orzamento total.

Organización. Dotación de persoal da unidade de intervención.

O órgano de intervención conta cunha funcionaria coa habilitación estatal; un xefe de xestión económica e contable, funcionario do corpo técnico de administración xeral, así como con 3 auxiliares administrativos funcionarios/as. Están vacantes dúas prazas de administrativos.

Ademais, aínda que temporalmente se sitúa fóra do ámbito deste traballo, convén destacar que foi creada no orzamento 2019 a praza de viceinterventor, reservada para o corpo con habilitación estatal (aínda vacante no momento de rematar o traballo de campo), sinalándose que ten por finalidade implementar un sistema de control previo limitado e aplicar o RD 424/2017.

IV.1.3 Cumprimento da normativa sobre transparencia

Realizouse unha análise relativa ao cumprimento da normativa sobre transparencia centrada na observancia dos principios, obrigas e contidos que dispón a LTAIBG. O artigo 1 desta lei establece entre os seus obxectivos os de ampliar e reforzar a transparencia na actividade pública así como regular e garantir o dereito ao acceso á información derivada de dita actividade. Para cumprir ditos obxectivos, a LTAIBG recolle no Título I un conxunto de medidas, nas que diferencia entre a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública.

En relación coa publicidade activa procedeuse a comprobar, por unha parte, que o Concello de Carballo ofrece, de oficio, a información que fixa a normativa de transparencia e, por outra, que a información publicada se axusta ás condicións que a normativa esixe.

O artigo 4 LTAIBG establece os principios xerais que deben rexer a publicidade activa e determina que a información suxeita ás obrigas de transparencia debe ser publicada nas correspondentes

sedes electrónica ou páxinas web das entidades dunha forma clara, estruturada e entendible polos interesados, preferiblemente en formatos reutilizables. Así mesmo, indica que se deben establecer os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización.

Verifícase que a entidade conta cun portal web municipal (www.carballo.org) no que se aloxa o portal de transparencia, dividido en sete categorías:

1. **Información institucional e organizativa** (art. 6 LTAIBG). Verifícase que o portal se limita a informar das declaracións de bens e intereses do alcalde e dos/as concelleiros/as, do réxime de retribucións e indemnizacións dos/as membros da corporación e dos cargos en réxime de dedicacións exclusivas e parciais e retribucións.

2. **Información orzamentaria, rendición de contas, información fiscal e patrimonial.** (artigo 8 LTAIBG). Neste apartado o portal de transparencia recolle os accesos as seguintes materias: bases de execución orzamentarias anteproxecto do orzamento, publicidade das bases no BOP, execución orzamentaria trimestral; as subvencións concedidas no exercicio 2017, os informes de morosidade cuatrimestrais, ademais dos informes de execución trimestrais remitidos ao Ministerio de Facenda.

3. **Información en materia de persoal.** Respecto a materia de persoal, o portal organizase en dúas carpetas, a denominada como Relación de postos de traballo que recolle unicamente dous documentos: o convenio colectivo do seu persoal laboral para os exercicios 2018-2019 e o acordo regulador das condicións de emprego do seu persoal funcionario para os exercicios 2018-19. A segunda carpeta refírese e contén a oferta de emprego público.

4. **Información normativa e de relevancia xurídica** (artigo 7 LTAIBG). O Concello de Carballo cumpre con carácter xeral esta obriga, estando publicados os regulamentos e ordenanzas municipais, as ordenanzas fiscais, así dentro do apartado de documentos sometidos a información pública o rexistro de actividades en relación coa Lei orgánica, 15/1999 de Protección de datos

5. **Información en materia contractual.** Respecto á información en materia de contratación o concello dispón do perfil de contratante aloxado no seu portal web así como a información trimestral relativa aos contratos menores

6. **Subvencións, convenios e encomendas de xestión.** Con relación ás subvencións, convenios e encomendas de xestión, contén información da ordenanza xeral de subvencións así como a información relativa a diversos convenios.

7. **Bo goberno local.** Organízase en dous apartados; un relativo ao Código de bo goberno local aprobado polo Concello, ou acordos de adhesión aos Códigos tipo de entidades asociativas como a

FEGAMP ou a FEMP, non que só figura un acordo dos alcaldes sobre o clima e a enerxía; no outro, recóllense as decisións do goberno de carácter organizativo e de funcionamento en relación coas políticas públicas sobre transparencia e bo goberno, limitándose a publicar os acordos na materia do Pleno e da Xunta de Goberno enumerados pola data de aprobación.

En canto ao dereito de acceso á información pública, o Portal de transparencia do Concello de Carballo permite formular as solicitudes de información recollidas no Capítulo III da LTAIBG, a través dun enlace á sede electrónica, cumprindo as previsións legais neste punto.

IV.2. RESULTADOS DERIVADOS DO TRABALLO DE FISCALIZACIÓN

IV.2.1. Aspectos xerais da xestión do persoal no Concello de Carballo.

Os traballos de fiscalización iniciáronse coa remisión dun cuestionario sobre distintos aspectos da política de persoal dirixido a coñecer como se realiza pola entidade a xestión do seu persoal, intentando identificar os principais riscos nesta materia.

Á vista da información remitida pola entidade (ver Anexo 5), que non foi obxecto de fiscalización *ad hoc*, cabe indicar que a entidade podería ter un risco de incumprimento dos principios básicos de acceso ao emprego público; tamén pode existir risco de ineficacia na prestación de servizos públicos e eficiencia na utilización dos recursos económicos en materia de persoal.

Convén facer especial referencia ao réxime de acceso ao emprego público, dado que a situación da que trae causa a comunicación recibida no Consello de Contas garda relación cunha denuncia presentada diante dos tribunais de xustiza, por entender o denunciante que o funcionario nomeado provisionalmente no ano 2013 como xefe do corpo de policía local de Carballo non cumpría co requisito de pertencer á escala. A este funcionario sonlle adscritas temporalmente ás funcións de Inspector-xefe da policía local, baseándose o concello para o seu nomeamento no artigo 27 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, conforme ao cal:

-“4. En casos de ausencia ou enfermidade do funcionario titular, o alcalde poderá substituílo por outro funcionario do corpo da mesma categoría ou, se non o hai, da inmediata inferior, atendendo aos criterios de mérito e capacidade. Esta substitución será sempre temporal.

5. En caso de vacante, o alcalde cubrirá o posto de forma inmediata polo procedemento anterior e, en todo caso, no prazo máximo de doce meses publicará a convocatoria pública do posto.”

O criterio que se utilizou para o seu nomeamento foi o de ser o máis antigo dos oficiais dos dous que prestaban os seus servizos no Concello de Carballo, sen que quedase acreditado

suficientemente no expediente que se atenderan os principios de mérito e capacidade no proceso de substitución.

Ademais, o concello incumpriu coa publicación da convocatoria pública deste posto no prazo máximo de 12 meses, ata que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de outubro de 2017, confirmatoria da de instancia, declarou que o posto debía cubrirse de acordo coas prescricións regulamentarias.

En execución da sentenza, procedeuse ao cese do traballador e o inicio dun proceso selectivo para cubrir en propiedade a praza. Entre tanto nomease, trala preceptiva convocatoria pública por libre designación, ao mesmo traballador como xefe de policía local ata que se seleccionase e provisto o posto polo proceso selectivo mencionado. Finalmente, o traballador seleccionado tomou posesión e cesou, na mesma data, 21-12-2018, por excedencia voluntaria polo que, á data actual, a praza continúa vacante.

Neste orde de cousas, cabe destacar as debilidades no acceso ao emprego público detectadas a través das respostas aos cuestionarios remitidos pola entidade:

- Non ten aprobados manuais de procesos selectivos que manteñan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, aínda que procura que as bases de cada proceso de selección os garantan.
- Non elixe os membros dos tribunais de selección por sorteo nin hai rotación dos mesmos, porque non encontra persoal disposto a formar parte dos mesmos.
- Non se fiscalizan os procesos selectivos por parte do órgano de control interno que se limita a comprobar a existencia de crédito para a contratación. Por outra banda, o órgano de control alega que, por motivos de urxencia, non sempre se lle remiten os expedientes para fiscalizar.

Porén, a entidade garante a adecuación do perfil técnico ao exercicio das funcións a realizar mediante a adaptación dos métodos de selección ao perfil do posto de traballo dando preponderancia á proba de coñecementos e establecendo regras específicas para selección dos corpos específicos.

Doutra banda, como se adiantou, tamén pode existir certo risco de ineficacia na prestación de servizos públicos e eficiencia na utilización dos recursos económicos en materia de persoal porque o Concello de Carballo:

- Non ten plan de recursos humanos, nin organigrama actualizado nin constituído o rexistro de persoal.

- Carece de catálogo dos seus procedementos administrativos e manuais ou instrucións internas para cada procedemento e polo tanto, tampouco en materia de persoal.
- Non ten determinados os postos ou unidades administrativas que interveñen no procedemento con determinación da súa responsabilidade.
- Non conta cun plan de formación propio, suplíndoo co plan de formación da Deputación Provincial da Coruña. En particular, atendendo ao ámbito obxectivo desta fiscalización, non se teñen establecido accións formativas nin para o persoal en xeral, nin para os responsables do departamento de recursos humanos en particular, co fin de evitar os riscos inherentes á área de nóminas.
- Non se definen criterios obxectivos para a aplicación dun sistema de avaliación de desempeño
- A entidade non ten establecido un sistema de promoción profesional que incentive a mellora do desempeño co obxectivo de facer efectivo o dereito do persoal á carreira profesional.

En concreto, no relativo ao entorno de control das retribucións aos empregados públicos do Concello de Carballo, cabe destacar a ausencia de manuais que regulen os métodos, regras e criterios para a aplicación, cálculo e control de retribucións complementarias. A regulación existente límitase as previsións sobre gastos de persoal contidas nas Bases de execución do orzamento.

Tampouco hai segregación das funcións relacionadas coa elaboración das nóminas, a súa fiscalización previa, aprobación, contabilización e pago. A entidade carece dun sistema de control interno sobre a xustificación e aboamento de retribucións complementarias co fin de detectar posibles erros; na práctica, segundo sinala o órgano de intervención, "o abono das retribucións complementarias se comprobaban con un cuadrante de diferencias con respecto ao mes anterior. Se comproba que existe acordo de aboamento e que coincide con reflectido na nómina".

IV.2.2. Réxime das retribucións extraordinarias dos empregados públicos.

As presuntas irregularidades que se poñen de manifesto na comunicación reciba no Consello de Contas fan referencia ao pagamento de gratificacións extraordinarias a un empregado público do Concello de Carballo. Á vista dos feitos expostos, enténdese procedente o exame do réxime xurídico establecido con carácter xeral na normativa aplicable e na propia regulación que se ten dado o Concello de Carballo, para avaliar se o funcionamento do procedemento de abono de gratificacións e retribucións extraordinarias se axusta á legalidade e se conta cun correcto reflexo contable e orzamentario.

Antes da análise da regulación xurídica das retribucións extraordinarias, cabe sinalar que o Concello de Carballo non regula especificamente a duración da xornada laboral dos seus empregados,

limitándose a realizar unha remisión a Resolución do Estado pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

Na Resolución de 28 de decembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administración pública, tense establecido que a duración da xornada xeral da Administración xeral do Estado é de 37,5 horas semanais de traballo efectivo, equivalendo en computo anual a 1664 horas/ano. A Resolución da mesma Secretaría de Estado de 23 de decembro rebaixa o cómputo anual a 1657 horas.

Esta Resolución de 2012 foi derogada pola Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos. Na mesma fíxase o traballo efectivo de media de cómputo anual en 1642 horas. Cabe sinalar, tamén, que regula por primeira vez a xornada de tarde dos empregados públicos.

O réxime xurídico que regula as gratificacións extraordinarias que poden retribuír aos funcionarios públicos é diverso do previsto para o persoal de carácter laboral, polo que é conveniente facer referencia a ambos separadamente.

O réxime retributivo dos funcionarios públicos

O réxime retributivo básico dos funcionarios públicos está regulado no Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) e na Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública (LRFP).

De acordo co artigo 23 TREBEP, as retribucións básicas, que serán fixadas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, están integradas única e exclusivamente polo soldo asignado a cada subgrupo ou grupo de clasificación profesional e os trienios. Prevese no artigo 24 da mesma norma que cada administración pública poida aprobar por lei outras retribucións complementarias, que deben atender aos seguintes factores:

- a) progresión dentro do sistema de carreira administrativa
- b) a especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.
- c) O grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.
- d) Os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo.

No mesmo sentido se pronuncia o artigo 23.3.d) da LRFP, identificando entre as retribucións extraordinarias aquelas “gratificacións polos servizos extraordinarios fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación”.

No eido local, debe terse en conta, ademais, a LBRL –por remisión do art. 103 TRRL- norma que non se separan do réxime estatal máis que para establecer previsións sobre a súa tramitación nas entidades locais. En concreto, o art. 93 LBRL sinala que as retribucións complementarias dos funcionarios atenderán á estrutura e criterios de valoración obxectiva do resto de funcionarios públicos, debendo fixarse a súa contía global polo pleno da corporación dentro dos límites máximo e mínimo fixados polo Estado. Tamén debe terse en conta o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local.

Deste xeito, resulta posible abonar gratificacións por servizos extraordinarios a favor dos funcionarios públicos, debendo terse en conta que estas retribucións coñecidas como gratificacións extraordinarias atópanse sometidas a limitacións normativas en canto á súa percepción.

Ademais da limitación legal xa sinalada, que proscribe o carácter fixo na contía nin periódico na devindicación, así como o seu desenvolvemento fóra do horario normal da xornada laboral, o RD 861/1986 sinala os seguintes requisitos para a válida percepción das gratificacións extraordinarias:

- Corresponde ao Alcalde da Corporación a asignación individual, e, de selo caso, con suxeición aos criterios que teña establecido o Pleno para estes efectos.
- Debe respectarse o límite da contía global orzado nos créditos destinados ás gratificacións, que non debe superar o 10 por 100 da cantidade que resulten de restar á masa retributiva global orzada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino. Esta contía ten que ser fixada polo Pleno da Corporación.
- A axeitada imputación do gasto ao orzamento en tempo e forma, documentos contables e xustificación que a acompaña.

Deste xeito, a percepción das gratificacións extraordinarias queda limitada pola súa vinculación a unha porcentaxe do orzamento, sen que se atenda a un número máximo de horas/ano ou outro elemento temporal. En canto á súa contía, o Alcalde non estará, inicialmente, vinculado por ningunha regra de cálculo do importe das mesmas.

Ademais, debe terse en conta que o Concello de Carballo ten regulado nas súas BEO, para todos os exercicios obxecto de fiscalización, o procedemento que debe seguirse para a autorización, xustificación e pago das gratificacións do persoal funcionario (base 23ª de execución dos orzamentos 2013 e 2014 e base 24ª dos orzamentos 2015, 2016 e 2017).

De conformidade coas ditas BEO:

- A autorización corresponde a alcaldía.
- A xustificación realízase pola persoa interesada co visto e prace do concelleiro correspondente.
- A aprobación do gasto corresponde á Xunta de Goberno Local.
- A materialización do gasto ten lugar na nómina do mes de aprobación.
- Determínase tamén os intervalos horarios para considerar a xornada diaria do persoal como ordinaria, nocturna, festiva ou festiva-nocturna e así estipúlase un prezo/hora segundo esta cualificación.

Xunto coa regulación que contén as BEO, debe terse en conta que o Concello de Carballo ten aprobado un Decreto que regula de modo particular a tramitación da autorización do servizo extraordinario e o seu posterior control do persoal da policía local. O Decreto da Alcaldía 825/2007, do 24 de abril, que aproba o regulamento da xornada laboral e de xestión do cadrante anual dos servizos prestados no réxime de quendas pola policía local establece o procedemento para a tramitación da autorización do servizo extraordinario e o seu control coas seguintes particularidades:

- Con carácter preceptivo e previo, o responsable do servizo afectado emite un informe-proposta indicando as causas que xustifican os servizos extraordinarios, as datas e quendas de realización e a previsión do número total de horas a realizar.
- O informe é remitido ao/a concelleiro/a e á alcaldía para obter a correspondente autorización.
- Dítase unha resolución de autorización pola Alcaldía, que debe ser obxecto de publicidade.
- No caso dun servizo excepcional que sexa cualificado como imprevisto ou urxente, bastará co requirimento verbal ao persoal afectado.
- Prevese a levanza dun control dos servizos extraordinarios realizados por cada efectivo, de xeito que exista un equilibrio na súa prestación.

Persoal laboral

No caso do persoal laboral, a normativa reguladora está contida con carácter xeral no Estatuto dos Traballadores (ET), sendo o art. 26 ET o que establece que debe entenderse por salario e cal é a súa estrutura, así como que contías que pode percibir un traballador non teñen natureza salarial. En concreto, dispón o artigo 26.1 ET que "terán a consideración de salario a totalidade das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, tanto se retribúen un traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos descansa computable como traballo", aclarando o parágrafo 3 que

“Mediante negociación colectiva ou, no seu defecto, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario, que deberá incluír o salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou obra e, se é o caso, complementos salariais establecidos en función das circunstancias relativas as condicións persoais do traballador, ao traballo realizado ou coa situación e resultados da empresa, que se calcularán segundo os criterios establecidos para este fin. Igualmente, pactárase o carácter consolidable ou non dos devanditos complementos salariais, non tendo o carácter de consolidables, salvo pacto contrario, os que estean ligados ao posto de traballo ou á situación e resultados da empresa”.

Respecto da regulación das horas extraordinarias, o art. 35 ET establece que:

- 1. Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada de traballo, fixada de acordo co artigo anterior. Mediante convenio colectivo, ou, no seu defecto, contrato individual, optárase entre abonar as horas extraordinarias na contía que se fixe, que en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria, ou compensala por tempos equivalentes de descanso. En ausencia de pacto de pacto ao respecto, entenderase que as horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso dentro dos catro meses seguintes á súa realización.*
- 2. O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a oitenta ao ano, non sendo no previsto no apartado 3. Para os traballadores que pola modalidade ou duración do seu contrato realizasen unha xornada en cómputo anual inferior á xornada xeral na empresa, o número máximo anual de horas extraordinarias reducirase na mesma proporción que exista entre tales xornadas.*
- 3. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, non se computarán as horas extraordinarias que fosen compensadas mediante descanso dentro dos catro meses seguintes á súa realización.*
- 4. O Goberno poderá suprimir ou reducir o número máximo de horas extraordinarias por tempo determinado, con carácter xeral ou para certas ramas de actividade ou ámbitos territoriais, para incrementar as oportunidades de colocación dos traballadores en situación de desemprego.*
- 5. Non se terá en conta, para os efectos da duración máxima da xornada ordinaria laboral, nin para o cómputo de número máximo das horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para a prevención ou reparación de sinistros e outros danos extraordinarios ou urxentes, sen prexuízo da súa compensación como horas extraordinarias.*

6. *A prestación de traballo en horas extraordinarias será voluntaria, non sendo que a súa realización se teña pactado en convenio colectivo ou contrato individual de traballo, dentro dos límites do apartado 2.*
7. *Para os efectos do cómputo de horas extraordinarias, a xornada de cada traballador rexistrárase día a día e totalízase no período fixado para o abono das retribucións, entregando copia do resumo ao traballador no recibo correspondente”.*

Atendendo a este marco normativo, cabe destacar que para os empregados públicos que prestan os seus servizos baixo un vínculo de carácter laboral:

- Considéranse horas extraordinarias aquelas que se realizan por riba da duración máxima da xornada ordinaria de traballo, sendo horas de traballo a todos os efectos.
- Para a súa retribución, deberá estarse ao que sinala o convenio colectivo ou o contrato individual de traballo, podendo optarse por abonar as horas extraordinarias na contía que se acorde -co límite mínimo do valor da hora ordinaria- ou compensar tales horas con un tempo equivalente de descanso retribuído. En defecto de pacto, compensáranse con tempo de descanso.
- Establecese un número máximo de horas extraordinarias que se poden realizar ao ano, estando fixadas, como regra xeral, en 80 horas anuais para os empregados que presten servizos a xornada completa, con excepción dos supostos nos que os servizos prestados se dirixan a previr ou a reparar sinistros ou outros danos extraordinarios, que non se toman en consideración no cómputo do límite anual máximo.
- A realización de horas extraordinarias terá carácter voluntario, non sendo que o convenio colectivo dispoña outra cousa ou así se teña acordado no contrato individual.

Ademais, o artigo 36 ET regula supostos nos que está prohibida a realización de horas extraordinarias.

Finalmente, para a contracción da obriga do pago, resulta imprescindible unha axeitada imputación do gasto de horas extraordinarias ao orzamento en tempo e forma, nos correspondentes documentos contables e a xustificación que os acompaña.

O Concello de Carballo regula nas súas BEO o procedemento para a autorización, xustificación e pago das horas extras do persoal laboral (base 23ª de execución dos orzamentos 2013 e 2014 e a base 24ª dos orzamentos 2015, 2016 e 2017).

De acordo coas disposicións contidas nas BEO, cabe indicar que:

- A autorización corresponde á alcaldía.

- A xustificación realízase pola persoa interesada co visto e prace do concelleiro correspondente.
- A aprobación do gasto corresponde á Xunta de Goberno Local.
- A materialización do gasto ten lugar na nómina do mes de aprobación.

Nas BEO determínase tamén os intervalos horarios para considerar a xornada diaria do persoal como ordinaria, nocturna, festiva ou festiva-nocturna e así estipúlase un prezo/hora segundo esta cualificación.

Merece especial atención o cálculo do importe da hora extraordinaria a aboar a cada traballador. A este respecto o artigo 4.2 da BEO indica que se fará aplicando un coeficiente multiplicador (variable segundo se trate de hora realizada -xornada normal, festiva, nocturna ou festiva/nocturna- sobre o importe da hora ordinaria). Non se recolle por escrito como se calcula este importe. Con respecto ás horas extras do persoal laboral as remuneracións que se toman como base para o cálculo son as que figuran no anexo do orzamento do ano en cuestión.

Na práctica, faise dividendo a suma do salario base, do complemento de destino, do complemento específico e das pagas extraordinarias entre 1664 horas. Este importe de horas/ano é superior, nos períodos analizados, ao aprobado polas distintas resolucións que modifican o citado cómputo anual, actualmente 1642 horas por ano. Ademais, esta forma de cálculo non ten en conta a antigüidade.

Contabilización

En canto a contabilización destes conceptos retributivos, as BEO recollen que as gratificacións do persoal funcionario se imputan ao subconcepto 151.00 do orzamento de gastos, mentres que as horas extraordinarias do persoal laboral debe imputase ao subconcepto 151.01.

Pero este rexistro contable das horas extraordinarias non concorda coa previsión da orde EHA/3565/2008 que aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que prevé o subconcepto 130.01 para recoller as horas extraordinarias do persoal laboral fixo e o concepto 131 para contabilizar todas as retribucións do persoal laboral temporal.

Nova regulación no exercicio 2019 do abono de servizos especiais e servizos extraordinarios

Con motivo da aprobación das BEO do exercicio 2019 tense modificado a regulación contida nas bases vixentes nos exercicios anteriores obxecto de fiscalización no que se refire ao abono dos servizos especiais e servizos extraordinarios. Nas BEO vixentes en 2019 inclúese a seguinte disposición:

"Os servizos especiais e servizos extraordinarios prestados, unha vez convertidos nas horas ordinarias equivalentes que resulten en cada caso despois da aplicación dos criterios de ponderación establecidos no apartado precedente, darán lugar á conseguinte compensación económica. Esta

compensación será equivalente á cantidade resultante de multiplicar o valor da hora ordinaria de traballo do/a funcionario/a polo número de horas ordinarias equivalente resultantes do citado cómputo. O valor da hora ordinaria de traballo de cada posto será o resultado de sumar o soldo base, o complemento de destino e o complemento específico anuais divididos polo número de horas da xornada anual. En ningún caso poderán presentarse ao cobro nin aboarse tempos de traballo realizados en xornadas que correspondan como días de permiso solicitados ou de vacacións”.

Deste xeito, na cuantificación das retribucións extraordinarias non se inclúen as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores/as, e segue sen considerarse a antigüidade no caso do persoal funcionario, porén o importe da hora extraordinaria resulta superior ao da hora ordinaria.

En canto á xornada laboral, cabe sinalar que a anteriormente citada Resolución do 28 de febreiro de 2019 (BOE 01/03/2019) fixa a xornada en 1642 horas/ano co que se corrixe o erro no divisor no cálculo que se facía no período analizado.

Tamén en 2019 se limitan os servizos extraordinarios a realizar polos funcionarios a 80 horas anuais.

IV.2.3. Control interno do abono das retribucións extraordinarias.

En canto ao control interno, o órgano de intervención realiza unha fiscalización destes gastos despois de que o persoal técnico de tesourería cuantifique o importe a abonar polos traballos; é a intervención a que revisa o cálculo no momento de fiscalizar a proposta de aprobación de compensación económica que se fai á Xunta de Goberno Local.

O órgano de intervención realizou diversos informes de reparos no período 2013-2017 polo que se procedeu á análise das súas observacións; como resultado do seu exame, confírmase e ratifícase as mesmas. Xa que logo, cabe sinalar, en concordancia co contido de ditos informes de reparos, que o abono das retribucións extraordinarias no Concello de Carballo no período fiscalizado presenta as seguintes irregularidades:

- Incumprimento do principio de devindicación. Comprobouse que se imputan nun determinado período gratificacións ou horas extras correspondentes a servizos prestados no exercicio anterior, debido a existencia dun importante desfase temporal entre a data na que se realiza o servizo, a data na que se solicita o seu abono e a data da proposta do titular da concellería correspondente, na que se acumulan varias solicitudes.
- Carácter ordinario de traballos realizados. Nalgúns supostos nos que se retribúen determinadas prestacións no concepto de retribucións extraordinarias detectase que se trata de servizos que se repiten periodicamente, polo que perden a súa condición de extraordinarios. Esta circunstancia

impide que poidan retribuírse como gratificación extraordinaria, ao adquirir o carácter de fixo. É o caso das prestacións realizadas polo funcionario encargado das labores de control e seguimento de obras ilegais, se repiten todos os meses, polo que perden o seu carácter de traballos extraordinarios.

- Reiteración na realización de horas extraordinarias por determinados colectivos que esgotan o crédito para este tipo de retribución en detrimento doutros.

- Cuantificación. Non se usa exclusivamente o concepto gratificacións extraordinarias para o abono de prestacións con esta natureza, sen que tamén se asignan cantidades fixas pola realización de servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo. Cómpre recordar que o Pleno establece a contía global do orzamento que pode destinarse á retribución destas gratificacións, podendo establecer criterios para o reparto desa contía global. Sen embargo, non existe unha fórmula "oficial" vinculante para a determinación da súa contía nin unha limitación do seu número ao día, mes ou ano. Porén, a RD establece que non é posible o abono de contías fixas de carácter periódico.

- Xustificación. Nalgúns casos, como o do persoal de servizos sociais e do *Forum* Carballo, propónse o pago de horas extraordinarias realizadas sen que consten cunha solicitude, motivación e autorización previa.(informe de fiscalización da nómina de maio de 2016).

IV.2.4. Contabilización das gratificacións e retribucións extraordinarias.

Para a fiscalización das gratificacións e retribucións extraordinarias que se abonaron no período analizado, exercicios 2013 a 2017, partiuse dos importes das obrigas recoñecidas polo Concello de Carballo que se recollen nos concepto e subconceptos 121.03, 150, 151.00 e 151.01.

Ditos importes aparecen recollidos no cadro seguinte, representando, no período analizado 2013 a 2017, unha porcentaxe media do 1,87% sobre o total de gastos do capítulo I. Gastos de persoal.

Cadro 4: Obrigas recoñecidas por gratificacións e horas extra. Exercicios 2013 a 2017

Concepto/subconcepto	2013	2014	2015	2016	2017	Total
121.03	5.347,23	3.938,73	2.347,54	0,00	0,00	11.633,50
150	0,00	0,00	0,00	0,00	7.081,70	7.081,70
151.00	110.857,44	92.953,91	82.256,94	87.694,16	94.790,17	468.552,62
151.01	9.004,13	15.037,15	14.286,72	21.652,50	19.313,70	79.294,20
Total concepto/ subconcepto	125.208,80	111.929,79	98.891,20	109.346,66	121.185,57	566.562,02
Total capítulo I	5.135.487,43	5.615.917,48	6.188.952,95	6.481.016,35	6.865.852,49	30.287.226,70
%	2,44	1,99	1,60	1,69	1,77	1,87

Fonte: Liquidacións orzamentarias

Atendendo a estes importes e á vista da información da execución orzamentaria do capítulo 1 do orzamento de gastos do Concello de Carballo no período 2013-2017, decidiuse realizar unha

mostra para a análise dos conceptos incluídos na fiscalización. A selección das retribucións obxecto de fiscalización baseouse en dous criterios diferentes, en función dos colectivos, dado o distinto réxime xurídico que lle era de aplicación aos funcionarios e ao persoal laboral. Neses exercicios os funcionarios non tiñan regulado o número máximo de horas a realizar, ao contrario do persoal laboral, situación que muda en 2019.

Para o persoal funcionario, as gratificacións céntranse na policía local, o persoal de urbanismo relacionado cos proxectos e obras, promoción de emprego, informático, o criterio de selección foi a contía das retribucións das gratificacións extraordinarias, sendo os importes máis relevantes obxecto de mostra:

Cadro 5. Gratificacións abonadas ao persoal funcionario

Nº de identificación do persoal funcionario	2013	2014	2015	2016	2017
1F	9.059,75	8.711,16	8.398,92	7.658,06	11.275,00
2F	8.694,82	0,00	0,00	0,00	0,00
3F	3.361,51	2.187,24	1.584,52	2.140,00	2.274,92
4F	1.427,79	9.094,59	8.017,59	2.233,21	0,00
5F	10.207,78	0,00	0,00	0,00	0,00
6F	3.257,09	4.513,86	4.149,61	3.601,66	4.912,04
7F	4.444,08	3.971,80	1.269,08	678,24	1.055,00
8F	3.482,60	1.945,10	0,00	5.728,98	0,00
9F	2.725,83	3.871,48	3.571,69	3.049,77	3.819,80
10F	0,00	424,16	2.306,37	910,08	2.089,53
11F	0,00	0,00	0,00	2.966,90	2.783,69

Fonte: Información das gratificacións extraordinarias facilitadas polo concello

Para o persoal laboral atendeuse ao número de horas. De acordo co ET, atópanse limitadas no Estatuto dos traballadores a 80 horas anuais, se ben ao longo dos exercicios obxecto de análise detectouse que algúns empregados excederon tal límite anual de horas. Por elo seleccionouse unha mostra de persoas que ao longo dos exercicios obxecto de análise excederon o límite anual de horas, incluíndose, ademais, o persoal correspondente ao colectivo de traballadoras sociais.

A relación de persoal laboral cuxo número de horas extraordinarias anuais excede do límite de 80 horas, nalgún dos exercicios obxecto de exame, figura no cadro seguinte, nº 1L a 5L, abarcando a persoal de así como o número de horas realizadas polo colectivo de traballadoras sociais nº 6L ao 9L:

Cadro 6. Horas extras realizadas polo persoal laboral

Nº de Identificación do persoal laboral	2013	2014	2015	2016	2017
1L	0	135	126,5	61,5	15

Nº de Identificación do persoal laboral	2013	2014	2015	2016	2017
2L	166	136	52	34	16
3L	172	136	52	34	0
4L	0	0	7	83	0
5L	97	0	88	0	0
6L	0	0	0	74	0
7L	0	0	0	65	58
8L	0	7	7,5	75,5	0
9L	0	0	0	0	52

Fonte: Información do número de horas extras realizadas polo persoal laboral do concello

A selección da mostra fíxose tendo en consideración o número de horas extraordinarias xustificadas e aprobadas en cada exercicio. Con relación as mesmas hai que ter en conta o desfase temporal que se produce, en todos os exercicios, entre a realización do servizo e a súa xustificación, autorización e pago.

Afectando aos seguintes ámbitos de traballo, instalacións deportivas, protección civil, urbanismo e orientación laboral.

Do resumo da selección de funcionarios e persoal laboral pódese concluír:

- Todas as declaracións de servizos detallan -con maior ou menor grao de concreción- o motivo dos traballos extraordinarios que é necesario realizar, as datas e horas. Sen embargo, o concello non dispón dun sistema de control horario que permita verificar a exactitude do cómputo de ditas horas fóra do horario normal de traballo.
- A autorización do alcalde faise, na maioría dos casos, de forma xenérica para funcións a realizar por unha persoa e non para traballos específicos.
- Non existe un formulario normalizado para realizar a xustificación dos traballos extraordinarios nin prazo para facelo. Tampouco existe prazo para a realización da proposta de pago e para a aprobación do gasto pola Xunta de Goberno Local.
- Existe un desfase temporal, en todos os exercicios, entre a realización do servizo autorizado, a súa xustificación e aprobación de pago pola Xunta de Goberno Local.
- En xeral, observase a xustificación dos importes que figuran nos expedientes, coas seguintes excepcións:

Para o persoal funcionario:

- Figuran erros na imputación contable das gratificacións entre os que destacan que no exercicio 2016 contabilízanse como tales 9.102,39 € correspondente ás comisións de servizo, é dicir, gastos do capítulo II.

- No concepto 151, nos anos 2013 e 2014 recóllese a produtividade trimestral dun funcionario por importe de 9.440 € e 2.300 € respectivamente, cando tería que contabilizarse no concepto 150. Non existindo procedemento ou normativa escrita para o abono de mesma.

- Retribúense mediante gratificacións extraordinarias traballos que pola súa frecuencia non deberían ter carácter de extraordinaria, como concepto retributivo mensual.

No caso do persoal laboral:

- Non existe constancia da verificación adecuada, nos exercicios 2013 a 2016, do cumprimento do límite de 80 horas que fixa o Estatuto dos traballadores.

- No exercicio 2017, impútanse ao subconcepto 131.00 gratificacións de persoal laboral por importe de 5.101,9 euros, cando o criterio do concello é a de contabilizalas na partida 151.01.

ANEXOS

ANEXO 1. ORZAMENTO DE GASTOS. EXERCICIOS 2013 A 2017

Capítulo	Créditos iniciais	Modificación créditos	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos
1 Gastos de persoal	5.533.109,76	-227.843,19	5.305.266,57	5.135.487,43	5.135.487,43	5.135.487,43
2 Gastos correntes en bens e servizos	8.730.922,29	450.320,95	9.181.243,24	8.678.421,30	8.632.997,13	8.169.863,81
3 Gastos financeiros	204.643,14	0,00	204.643,14	132.865,75	132.865,75	132.865,75
4 Transferencias correntes	1.203.789,95	66.182,81	1.269.972,76	1.203.190,40	1.203.190,40	1.076.492,97
6 Investimentos reais	4.328.762,16	2.962.889,69	7.291.651,85	4.085.953,79	2.456.609,05	1.764.057,09
7 Transferencias de capital	0,00	101.891,81	101.891,81	91.383,67	91.383,67	0,00
8 Activos financeiros	50.000,00	94.926,88	144.926,88	109.872,19	109.872,19	109.872,19
9 Pasivos financeiros	1.006.537,93	0,00	1.006.537,93	1.006.537,93	1.006.537,93	1.006.537,93
Total orzamento 2013	21.057.765,23	3.448.368,95	24.506.134,18	20.443.712,46	18.768.943,55	17.395.177,17
% cap. I / total orzamento 2013	26,28%	-6,61%	21,65%	25,12%	27,36%	29,52%

Capítulo	Créditos iniciais	Modificación créditos	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos
1 Gastos de persoal	6.014.804,27	-91.200,65	5.923.603,62	5.615.917,48	5.615.917,48	5.613.048,79
2 Gastos correntes en bens e servizos	10.308.170,46	386.182,55	10.694.353,01	9.941.095,98	9.739.466,43	8.537.822,49
3 Gastos financeiros	127.318,72	0,00	127.318,72	42.706,92	42.706,92	42.706,92
4 Transferencias correntes	921.219,94	67.816,38	989.036,32	866.105,93	866.105,93	535.098,69
6 Investimentos reais	4.845.963,09	3.200.767,38	8.046.730,47	6.271.898,65	2.756.577,71	2.424.397,00
7 Transferencias de capital	100,00	0,00	100,00	0,00	0,00	0,00
8 Activos financeiros	60.000,00	72750,51	132.750,51	103.320,59	103.320,59	103.320,59
9 Pasivos financeiros	1.006.537,93	0,00	1.006.537,93	1.006.537,93	1.006.537,93	1.006.537,93
Total orzamento 2014	23.284.114,41	3.636.316,17	26.920.430,58	23.847.583,48	20.130.632,99	18.262.932,41
% cap. I / total orzamento 2014	25,83%	-2,51%	22,00%	23,55%	27,90%	30,73%

Capítulo	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos
1 Gastos de persoal.	6.146.667,00	221.416,07	6.368.083,07	6.188.952,95	6.188.952,95	6.188.952,95
2 Gastos correntes en bens e servizos.	10.481.411,00	169.630,29	10.651.041,29	10.011.919,40	9.933.772,45	9.365.021,64
3 Gastos financeiros.	72.979,19	-28.000,00	44.979,19	32.988,80	32.988,80	32.988,80
4 Transferencias correntes.	1.321.849,14	-32.275,94	1.289.573,20	1.115.995,69	1.107.495,69	925.859,59
6 Investimentos reais.	3.703.275,24	4.459.134,09	8.162.409,33	6.954.775,18	5.947.471,17	5.536.596,60
8 Activos financeiros.	60.000,00	20.937,05	80.937,05	51.208,69	51.208,69	51.208,69
9 Pasivos financeiros.	556.537,93	43.903,78	600.441,71	600.441,71	600.441,71	600.441,71
Total orzamento 2015	22.342.719,50	4.854.745,34	27.197.464,84	24.956.282,42	23.862.331,46	22.701.069,98
% cap. I / total orzamento 2015	27,51%	4,56%	23,41%	24,80%	25,94%	27,26%

Informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017

Capítulo	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos Comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos
1 Gastos de persoal.	6.464.396,29	353.385,74	6.817.782,03	6.481.016,35	6.481.016,35	6.478.522,15
2 Gastos correntes en bens e servizos.	10.691.681,67	17.274,94	10.708.956,61	10.131.281,63	10.027.165,61	9.407.977,19
3 Gastos financeiros.	37.674,37	0,00	37.674,37	32.424,92	32.424,92	32.424,92
4 Transferencias correntes.	1.597.497,00	15.471,58	1.612.968,58	1.290.802,18	1.257.803,41	1.083.665,24
6 Investimentos reais.	5.382.716,25	2.814.841,05	8.197.557,30	3.453.256,40	2.747.829,49	2.582.222,32
8 Activos financeiros.	60.000,00	0,00	60.000,00	25.721,84	25.721,84	25.721,84
9 Pasivos financeiros.	175.683,20	878.415,98	1.054.099,18	1.054.099,18	1.054.099,18	1.054.099,18
Total orzamento 2016	24.409.648,78	4.079.389,29	28.489.038,07	22.468.602,50	21.626.060,80	20.664.632,84
% cap. I / total orzamento 2016	26,48%	8,66%	23,93%	28,84%	29,97%	31,35%

Capítulo	Créditos Iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Gastos Comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos
1 Gastos de persoal.	7.188.269,77	181.373,57	7.369.643,34	6.865.852,49	6.865.852,49	6.865.852,49
2 Gastos correntes en bens e servizos.	10.925.893,56	479.312,53	11.405.206,09	10.723.366,81	10.249.460,47	9.429.696,50
3 Gastos financeiros.	5.001,00	0,00	5.001,00	782,80	782,80	782,80
4 Transferencias correntes.	1.564.335,00	76.970,07	1.641.305,07	1.409.250,68	1.285.386,15	1.121.932,70
6 Investimentos reais.	5.725.852,69	5.045.451,56	10.771.304,25	4.683.633,99	3.480.136,55	3.018.240,72
8 Activos financeiros.	60.000,00	0,00	60.000,00	8.249,64	8.249,64	8.249,64
Total orzamento 2017	25.469.352,02	5.783.107,73	31.252.459,75	23.691.136,41	21.889.868,10	20.444.754,85
% cap. I / total orzamento 2017	28,22%	3,14%	23,58%	28,98%	31,37%	33,58%

ANEXO 2. RESULTADO ORZAMENTARIO. EJERCICIO 2013 A 2017

Resultado orzamentario Concello de Carballo. Ejercicio 2013

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	19.330.813,15	15.104.540,71		4.226.272,44
b. Operacións de capital	683.333,03	2.547.992,72		-1.864.659,69
1. Total operacións non financeiras (a+b)	20.014.146,18	17.652.533,43		2.361.612,75
c. Activos financeiros	109.872,19	109.872,19		0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	1.006.537,93		-1.006.537,93
2. Total operacións financeiras (c+d)	109.872,19	1.116.410,12		-1.006.537,93
Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)	20.124.018,37	18.768.943,55	0,00	1.355.074,82
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesorería para gastos xerais	0,00	0,00	569.430,85	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	1.246.071,81	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	709.112,45	
II. Total axustes (II=3+4-5)	0,00	0,00	1.106.390,21	
Resultado orzamentario axustado (I+II)	20.124.018,37	18.768.943,55	1.106.390,21	2.461.465,03

Resultado orzamentario Concello de Carballo. Exercicio 2014

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	20.221.912,08	16.264.196,76		3.957.715,32
b. Operacións de capital	829.456,49	2.756.577,71		-1.927.121,22
1. Total operacións non financeiras (a+b)	21.051.368,57	19.020.774,47		2.030.594,10
c. Activos financeiros	103.320,59	103.320,59		0,00
d. Pasivos financeiros	0,00	1.006.537,93		-1.006.537,93
2. Total operacións financeiras (c+d)	103.320,59	1.109.858,52		-1.006.537,93
Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)	21.154.689,16	20.130.632,99	0,00	1.024.056,17
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	627.307,40	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	1.614.279,69	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	907.110,71	0,00
II. Total axustes (II=3+4-5)	0,00	0,00	1.334.476,38	0,00
Resultado orzamentario axustado (I+II)	21.154.689,16	20.130.632,99	1.334.476,38	2.358.532,55

Resultado orzamentario Concello de Carballo. Exercicio 2015

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	21.964.259,07	17.263.209,89		4.701.049,18
b. Operacións de capital	2.905.932,21	5.947.471,17		-3.041.538,96
1. Total operacións non financeiras (a+b)	24.870.191,28	23.210.681,06		1.659.510,22
c. Activos financeiros	51.208,69	51.208,69		0,00
d. Pasivos financeiros	216.113,78	600.441,71		-384.327,93
2. Total operacións financeiras (c+d)	267.322,47	651.650,40		-384.327,93
Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)	25.137.513,75	23.862.331,46	0,00	1.275.182,29
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	1.921.638,80	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	1.227.938,23	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	484.044,97	0,00
II. Total axustes (II=3+4-5)	0,00	0,00	2.665.532,06	0,00
Resultado orzamentario axustado (I+II)	25.137.513,75	23.862.331,46	2.665.532,06	3.940.714,35

Resultado orzamentario Concello de Carballo. Exercicio 2016

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	21.916.261,13	17.798.410,29		4.117.850,84
b. Operacións de capital	971.521,41	2.747.829,49		-1.776.308,08
1. Total operacións non financeiras (a+b)	22.887.782,54	20.546.239,78		2.341.542,76
c. Activos financeiros	25.721,84	25.721,84		0,00
d. Pasivos financeiros	202.910,28	1.054.099,18		-851.188,90

Informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013 a 2017

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
2. Total operacións financeiras (c+d)	228.632,12	1.079.821,02		-851.188,90
Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)	23.116.414,66	21.626.060,80	0,00	1.490.353,86
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	1.388.441,00	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	827.753,07	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	143.699,30	0,00
II. Total axustes (II=3+4-5)	0,00	0,00	2.072.494,77	0,00
Resultado orzamentario axustado (I+II)	23.116.414,66	21.626.060,80	2.072.494,77	3.562.848,63

Resultado orzamentario Concello de Carballo. Exercicio 2017

Conceptos resultado orzamentario	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Resultado)	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	24.706.273,75	18.401.481,91		6.304.791,84
b. Operacións de capital	882.805,84	3.480.136,55		-2.597.330,71
1. Total operacións non financeiras (a+b)	25.589.079,59	21.881.618,46		3.707.461,13
c. Activos financeiros	8.249,64	8.249,64		0,00
d. Pasivos financeiros	555.567,35	0,00		555.567,35
2. Total operacións financeiras (c+d)	563.816,99	8.249,64		555.567,35
Resultado orzamentario exercicio (I=1+2)	26.152.896,58	21.889.868,10	0,00	4.263.028,48
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	1.251.138,72	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	872.858,54	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	2.802.613,29	0,00
II. Total axustes (II=3+4-5)	0,00	0,00	-678.616,03	0,00
Resultado orzamentario axustado (I+II)	26.152.896,58	21.889.868,10	-678.616,03	3.584.412,45

ANEXO 3. REMANENTE TESOURERÍA CONCELLO DE CARBALLO. EXERCICIOS 2013 A 2017

Compoñente	Exercicio				
	2013	2014	2015	2016	2017
1. Fondos líquidos	6.130.262,46	7.244.983,85	7.042.110,05	7.891.792,31	12.420.062,63
2. Dereitos pendentes de cobramento	3.036.316,73	3.368.428,51	3.429.154,02	3.335.006,50	2.450.916,37
(+) Do orzamento corrente	1.070.333,37	1.009.097,34	909.635,88	1.035.920,65	840.626,42
(+) De orzamentos pechados	1.938.347,66	2.328.385,72	2.486.396,20	2.262.605,86	1.572.623,38
(+) De operacións non orzamentarias	44.134,63	33.000,00	33.121,94	36.479,99	37.666,57
3. Obrigas pendentes de pago	2.294.725,67	2.967.035,80	2.062.495,00	1.991.411,90	2.443.266,49
(+) Do orzamento corrente	1.373.766,38	1.867.700,58	1.161.261,48	961.427,96	1.445.113,25
(+) De orzamentos pechados	87.084,62	87.084,62	89.819,62	112.405,89	26.952,37
(+) De operacións non orzamentarias	871.528,88	1.021.985,42	811.413,90	917.578,05	971.200,87

Compoñente	Exercicio				
	2013	2014	2015	2016	2017
4. Partidas pendentes de aplicación		-	4.237,11	68,76	-490,22
(-) Cobros ptes aplicación def.	16.498,93	2.054,55	C	203,35	490,22
(+) Pagos ptes. aplicación def.	37.654,21	9.734,82	4.237,11	272,11	0,00
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	6.871.853,52	7.646.376,56	8.413.006,18	9.235.455,67	12.427.222,29
II. Saldos de dubidoso cobramento	1.013.227,10	1.554.140,46	1.477.632,65	1.488.852,61	916.847,24
III. Exceso de financiamento afectado	0,00	102.579,36	91.251,80	143.699,30	2.180.477,53
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	5.858.626,42	5.989.656,74	6.844.121,73	7.602.903,76	9.329.897,52

Fonte: Plataforma de rendición de contas

ANEXO 4. COMPARATIVA DE REMANENTES DE TESOURERÍA DOS CONCELLOS TRAMO 2. EXERCICIOS 2013 A 2017

Concellos tramo 2	Remanente de tesourería para gastos xerais				
	2013	2014	2015	2016	2017
A Estrada	603.826,16	376.762,61	124.073,36	893.460,60	1.851.127,11
Ames	54.289,11	1.642.561,36	3.313.357,53	5.381.147,06	4.873.854,56
Arteixo	18.051.674,44	15.594.216,90	8.039.880,81	10.714.422,76	16.471.430,49
Cambre	593.936,37	967.010,79	1.754.476,19	2.697.489,20	3.205.575,36
Cangas	-2.745.829,49	-958.776,45	-46.986,53	2.076.665,51	2.602.959,20
Carballo	5.858.626,42	5.989.656,74	6.844.121,73	7.602.903,76	9.329.897,52
Culleredo	3.098.793,88	4.083.645,06	5.607.714,21	6.970.922,60	7.368.653,90
Lalín	3.050.194,81	3.004.982,49	2.192.874,07	3.006.566,75	4.157.441,48
Marín	2.600.746,93	4.149.867,58	4.150.747,43	4.293.906,75	4.833.837,83
Narón	939.099,32	3.635.258,71	4.434.528,71	6.582.481,92	10.704.037,15
Oleiros	5.340.973,77	6.523.467,05	7.727.913,21	6.641.854,49	9.507.224,03
Ponteareas	-6.303.937,09	-5.014.720,97	-2.265.051,11	-1.074.470,61	1.213.430,81
Redondela	824.379,68	538.619,63	1.564.515,05	1.853.321,90	3.716.657,14
Ribeira	2.852.762,78	1.030.537,59	1.997.608,04	3.499.157,90	7.352.504,18
Vilagarcía de Arousa	604.526,62	248.207,43	1.094.000,46	4.049.348,02	2.615.131,76
Posto contía Carballo	2º	3º	3º	2º	4º

Fonte: Plataforma de rendición de contas

ANEXO 5. CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO

Nº	CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO DA ÁREA DE PERSOAL	2017			Observacións referidas á situación actual
		SI	NON	N/A *	
SELECCIÓN DE PERSOAL					
RISCO: Incumplimento principios básicos acceso emprego público					
1	A entidade ten aprobado un manual de procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade?		x		En todo caso, procurase que as bases de cada proceso de selección garantan o cumprimento destes principios.
2	Reforzarse a imparcialidade dos tribunais coa selección dos seus membros mediante sorteo?		x		Non existe sorteo para selección de tribunais. É complexo encontrar persoal disposto a formar parte dos mesmos.
3	¿Fórmanse e rótanse os membros dos tribunais?	x			Ver observación anterior
4	¿Fiscalízanse os procesos selectivos por parte do órgano de control interno?		x		En todo caso, compróbase a existencia de crédito para a contratación de persoal. Non sempre se remiten os expedientes dos procesos selectivos para fiscalización, por motivos de urxencia.
RISCO: Inadecuación do perfil técnico ao exercicio das funcións					
5	¿Adáptanse os métodos de selección ao perfil do posto de traballo dando preponderancia á proba de coñecementos?	x			
6	¿Establécense regras específicas de selección para os corpos específicos?	x			
EXERCICIO ÉTICO E PROFESIONAL DAS FUNCIONES					
RISCO: Quebra dos valores que deben rexer o exercicio profesional					
7	¿Existen manuais ou instrucións internas orientadas a garantir o cumprimento dos principios e normas éticas inherentes ás funcións co fin de salvaguardar a independencia, a integridade, a imparcialidade, a transparencia, a obxectividade, a imparcialidade e a confidencialidade?		x		
8	¿Reguláronse e aplicáronse procedementos de control do cumprimento dos principios e valores éticos?		x		
9	¿Dáse preferencia ás accións colexiadas especialmente no caso das actuacións de control?			x	
10	¿Inclúense nos temarios dos procesos selectivos temas específicos sobre ética pública, réxime disciplinario e delitos contra a Administración pública?		x		
11	¿Existe un plan de formación e actualización continua do persoal en materia de integridade e prevención da corrupción.?		x		

Nº	CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO DA ÁREA DE PERSOAL	2017		Observacións referidas á situación actual
PLANIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS				
RISCO: Ineficacia na prestación dos servizos públicos e non utilización eficiente dos recursos económicos dispoñibles				
12	¿Dispón a entidade dun Plan de recursos humanos?		x	
13	¿Existe un organigrama actualizado ?		x	Existe un organigrama, pero non está actualizado.
14	¿Está constituído o Rexistro de persoal?		x	
ESTRUCTURA ORGANIZATIVA				
RISCO: Inadecuada distribución de competencias				
17	¿Existe un catálogo dos procedementos administrativos da entidade?		x	
18	¿Existen manuais ou instrucións internas para cada procedemento?		x	
19	¿Están determinados os postos ou unidades administrativas que interveñen no procedemento con determinación da súa responsabilidade?		x	
20	¿Existen manuais ou instrucións internas para os procedementos en materia de persoal, tales como tramitación de nóminas, permisos e licenzas, anticipos, etc?		x	
21	¿Existe segregación de funcións entre as competencias de xestión e as de control?	x		
22	¿Existe un departamento de persoal independente da Intervención, Tesourería e Contabilidade?	x		La escaseza de persoal fai que o reparto de funcións non este perfectamente concretado
FORMACIÓN E AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO				
RISCO: Inadecuada actualización dos coñecementos, habilidades e aptitudes dos empregados públicos para a mellora do desenvolvemento das súas funcións e para a súa promoción profesional				
25	¿Realízase periodicamente unha avaliación das necesidades de formación do persoal?		x	Súplese co Plan de Formación da Deputación Provincial da Coruña, que avalía necesidades do persoal dos concellos e confecciona un plan de formación
26	¿Está aprobado un plan de formación do persoal?		x	
27	¿Co fin dunha capacitación axeitada adecúanse as accións formativas ao perfil esixido?		x	
28	¿Na formación e avaliación do persoal existe motivación individual e dos grupos de traballo?		x	
29	¿Na formación e avaliación do persoal establécense mecanismos de revisión externa dos comportamentos no exercicio das funcións?		x	

Nº	CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO DA ÁREA DE PERSOAL	2017		Observacións referidas á situación actual
30	¿Defínense criterios obxectivos para a aplicación dun sistema de avaliación de desempeño?		x	
31	¿Co obxectivo de facer efectivo o dereito do persoal á carreira profesional a entidade ten establecido un sistema de promoción profesional que incentive a mellora do desempeño?		x	
RETRIBUCIÓN				
RISCO: Incrementos ou pago de retribucións non previstas na normativa e aboamento improcedente de complementos de produtividade				
32	¿Están segregadas e diferenciadas as funcións relacionadas coa elaboración das nóminas, a súa fiscalización previa, aprobación, contabilización e pago?		x	
33	¿A entidade ten elaborado e executado un sistema de control interno sobre a xustificación e aboamento de retribucións complementarias co fin de detectar posibles erros?		x	O abono das retribucións complementarias compróbanse cun cuadrante de diferenzas con respecto ao mes anterior. Compróbase que existe acordo de aboamento e que coincide con reflectido na nómina.
34	¿A entidade ten establecido un manual regulando os métodos, regras e criterios para a aplicación, cálculo e control de retribucións complementarias?		x	Só o recollido nas bases de execución do orzamento municipal sobre gastos de persoal.
35	¿Establecéronse accións formativas para o persoal en xeral e para os responsables do departamento de recursos humanos en particular co fin de evitar os riscos inherentes á área de nóminas?		x	
INCOMPATIBILIDADES E CONFLITO DE INTERESES				
RISCO: Incumprimento do réxime de incompatibilidades do persoal da administración local e de interferencia de intereses particulares no exercicio profesional				
36	¿A entidade aprobou un código que regule os aspectos básicos na materia, establecendo normas e principios básicos de aplicación a todos os empregados públicos?		x	
37	¿A entidade ten aprobados modelos estandarizados de declaración de incompatibilidades?	x		
38	¿Tense establecido un control periódico de todas as solicitudes presentadas e o acceso público a todas as solicitudes e resolucións sobre compatibilidades?		x	
39	¿Inscríbense obrigatoriamente todas as resolucións en materia de incompatibilidade nos rexistros de persoal?		x	
40	¿Sensibilízase e formase aos empregados públicos na materia de interferencia de interese xeral e particular?		x	
41	¿Fíxose unha declaración ética sobre conflito de intereses e impedimento?		x	

Nº	CUESTIONARIO DE CONTROL INTERNO DA ÁREA DE PERSOAL	2017		Observacións referidas á situación actual
42	¿Aprobáronse modelos estandarizados de declaración de conflito de interese?		x	
43	¿Están reguladas medidas sancionadoras para os casos de incumprimentos dos conflitos de intereses?		x	

TRÁMITE DE ALEGACIONES

Con data do 15 de xaneiro de 2020 foi aprobado pola sección de fiscalización do Consello de Contas de Galicia o anteproxecto de informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013-2017. Sendo remitido ao concello con data 21 de xaneiro, rexistrándose a súa recepción o mesmo día, ao abeiro do artigo 47.1 do regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, formularan as alegacións e aportaran a documentación que estimasen pertinente no prazo de 15 días hábiles.

Recibíronse dentro de prazo no rexistro xeral do Consello de Contas de Galicia as alegacións presentadas polo Concello de Carballo que se expoñen no seguinte apartado, e sobre as que realizamos ás seguintes matizacións:

RÉPLICA ÁS ALEGACIONES

Alegación primeira - Posibles erros:

1ª.1.- *Páxina 8, cuadro 2, aliña segunda. Respecto das datas de remisión dos acordos contrarios aos acordos de reparo da intervención do exercicio 2014:*

Resolución de 10 de julio de 2015, da Presidencia do Tribunal de Cuentas, pola que se publica o "Acuerdo del Pleno de 30 de junio de 2015, por el que se aprueba la Instrucción que regula la remisión telemática de información sobre acuerdos y resoluciones de las entidades locales contrarios a reparos formulados por interventores locales y anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acuerdos adoptados con omisión del trámite de fiscalización previa".

Esta resolución tiña una disposición transitoria (IV) que establece "Los órganos interventores de las Entidades Locales que a la fecha de aprobación de esta Instrucción no hubieran remitido al Tribunal de Cuentas o, en su caso, al correspondiente Órgano de Control Externo de la Comunidad Autónoma, la información sobre la materia a la que se refiere el artículo 218.3 del TRLHL relativa al ejercicio 2014, deberán enviarla antes del 15 de octubre de 2015, ajustándose para ello a lo dispuesto en la presente Instrucción".

Polo tanto a remisión dos acordos do ano 2014, fíxose no prazo "extraordinario" establecido pola normativa indicada.

1ª.2.- *Páxina 9, primeiro parágrafo "... agás os correspondentes ao exercicio 2016" debería dicir "... agás os correspondentes ao exercicio 2014, 2016 e 2017"*

Réplica á alegación primeira

Contéstanse conxuntamente as dúas alegacións contidas na primeira alegación por aludir ao mesmo contido do informe. Estímanse as alegacións 1ª.1 e .2, en tanto que debe terse en conta que no exercicio 2015 estableceuse un prazo extraordinario para a rendición de información ata o 15 de outubro de 2015. En consecuencia, modifícase o anteproxecto de informe no senso de asumir o contido das alegacións e do erro no rexistro, quedando redactado o anteproxecto de informe do seguinte xeito:

Cadro 2 Datos de remisión dos contratos e dos acordos contrarios aos reparos da intervención

Exercicio	Data de remisión información contratos	Data límite de remisión de contratos	Data de remisión información reparos	Data límite de remisión de reparos
2013	Non consta	Antes do 01/03/2014	Non obrigación	---
2014	Non consta	Antes do 01/03/2015	14/10/2015	Antes do 15/10/2015
2015	13/06/2018	Antes do 01/03/2016	04/10/2016	Antes do 30/04/2016
2016	01/02/2017	Antes do 01/03/2017	26/04/2017	Antes do 30/04/2017
2017	16/02/2018	Antes do 01/03/2018	30/04/2018	Antes do 30/04/2018

Polo tanto, o concello incumpriu coa nova regulación de remisión da información de contratos, relativos aos exercicios 2013, 2014 e 2015, cumprindo na remisión dos correspondentes aos exercicios 2016 e 2017; respecto á información dos acordos contrarios aos reparos formulados pola intervención, o concello remitiu en prazo a información dos exercicios 2014, 2016 e 2017 e fóra de prazo a información correspondente ao exercicio 2015.

Alegación segunda.- O "Anteproxecto de informe" fai varias alusións a ausencia dun sistema de control horario (páxs. 5, 6, 25).

Sen negar a evidencia de que no período fiscalizado non existía ese sistema, o Concello de Carballo vai tomando medidas, así no 2019 mostrou á Deputación Provincial de A Coruña o seu interese en participar na utilización dun programa informático de control horario que o ente provincial poñería a disposición dos concellos.

Nesa liña a Deputación Provincial ten previsto a presentación o vindeiro 17/02/2020 dese programa que poñerá a disposición dos concellos interesados.

Réplica á alegación segunda

A alegación confirma o contido do informe, polo que non se se modifica o texto.

Alegación terceira.- O "Anteproxecto de informe" fai continuas alusións á non inclusión do concepto antigüidade no cálculo de hora extraordinaria (páxs. 6, 22).

O R.D 861/1986, que establece o Réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, non fai mención algunha a que no concepto gratificacións haxa de ser tida en conta a antigüidade. Tampouco a Lei 6/2018, de 3 de xullo, LPGE 2018, ou o RD-Lei 24/2018 de 21 de decembro (BOE nº 312 de 27/12/2018), ou o RD-Lei 2/2020, de 21/01/2020 (BOE nº 19 de 22/01/20), recollen mención algunha a que no concepto gratificación deba ser tida en conta a antigüidade. A resolución de 28/02/2019 (BOE nº 52 de 01/03/2019) da Secretaría de Estado de Función Pública, non fai mención algunha ao concepto retributivo para o devandito calculo da hora extraordinaria, do modo que o Consello de Contas parece recomendar no seu "Anteproxecto de informe".

En todo caso e para o persoal laboral, no período fiscalizado, non existía o concepto retributivo antigüidade, toda vez que non había convenio colectivo aprobado nin estaba recoñecido nos contratos laborais asinados. Dito concepto (antigüidade) aparece recoñecido para o persoal laboral do Concello de Carballo por primeira vez no Convenio Colectivo publicado no BOP nº 60 de 28/03/2019 (anuncio nº 2019/2307).

Páx. 6: *"O cálculo do importe da hora extraordinaria a aboar a cada traballador/a non se axusta ao disposto nas Bases de execución do orzamento nin está actualizado, sen que resulten incluídas a antigüidade e as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores".*

No período fiscalizado as BEO non recollían a forma de cálculo do valor da hora ordinaria de traballo, e así se recollía nos informes da intervención municipal: "El importe de las gratificaciones y horas extraordinarias no está fijado legalmente, sino que su cuantía se fijará mediante Acuerdo con los funcionarios, o mediante el Convenio Colectivo con el personal laboral. En el caso del Ayuntamiento de Carballo, son las bases de ejecución del presupuesto municipal las que regulan, en parte, las gratificaciones y horas extraordinarias del personal, considerándose muy necesaria una revisión de su regulación."

É a partir do Orzamento do 2019, cando se recolle nas súas BOE, a forma de cálculo, por terse aprobado de forma inicial en 2018 o convenio colectivo do persoal laboral e o acordo regulador das condicións de emprego dos funcionarios públicos do Concello de Carballo (BOP Nº 60 do 28/03/2019), que regulan de forma máis completa as gratificacións por servizos extraordinarios.

["222.6.d) "Os servizos extraordinarios compensaranse economicamente. Para o cálculo do importe dos servizos extraordinarios aplicarase ao valor da hora ordinaria de traballo os coeficientes de ponderación sinalados no apartado seguinte. O valor da hora ordinaria de traballo de cada posto será o resultado de sumar o soldo base, o complemento de destino e o complemento específico anuais divididos polo número de horas da xornada anual"].

Tamén é o convenio aprobado o que recoñece o dereito a percibir o complemento de antigüidade ao persoal laboral do Concello.

Na páxina 22 do anteproxecto se di: *"Deste xeito na cuantificación das retribucións extraordinarias non se inclúen as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores/as, e segue sen considerarse antigüidade."*

Este Concello entende que non hai ningunha norma legal que indique qué conceptos han de formar parte do cálculo das horas extraordinarias e foron o convenio colectivo e acordo regulador, negociados cos representantes de persoal os que determinan a forma do cálculo, respectando en todo caso o límite do artigo 35 do ET "...en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria", xa que sempre se contemplaron coeficientes de ponderación.

Réplica á alegación terceira

Admítese parcialmente a alegación, xa que aínda que as retribucións anuais dos/as funcionarios/as si que deben contemplar os conceptos de antigüidade e pagas extraordinarias, si ben con relación ao persoal laboral a antigüidade non se contemplou ata entrada en vigor do convenio colectivo, no exercicio 2018, resultando para ambos colectivos superior o cómputo da hora extraordinaria con relación á hora ordinaria.

Modifícase parcialmente o paragrafo alusivo ao punto 5.

5. Cuantificación das horas extraordinarias

- O cálculo do importe da hora extraordinaria a aboar a cada traballador/a non se axusta ao disposto nas Bases de execución do orzamento nin está actualizado, sen que resulten incluídas a antigüidade e as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores/as. Porén, o importe da hora extraordinaria resulta superior ao da hora ordinaria, tal e como esixe o artigo 35 do ET.

Respecto á alusión que se fai do asunto no apartado Nova regulación no exercicio 2019 do abono de servizos especiais e servizos extraordinarios considerase correcta a deficiencia observada e modifícase parcialmente o 3º parágrafo:

Deste xeito, na cuantificación das retribucións extraordinarias non se inclúen as pagas extraordinarias que forman parte das retribucións anuais fixas dos traballadores/as, e segue sen considerarse a antigüidade no caso do persoal funcionario, porén o importe da hora extraordinaria resulta superior ao da hora ordinaria.

Alegación cuarta.- Ausencia de organigrama. Fanse varias mencións no "Anteproxecto de informe" a que o Concello carece de "organigrama" (páxs. 7,14).

O Concello de Carballo sí conta cunha Relación de Postos de Traballo (en adiante RPT) aprobada o 27/07/2009, sobre a que se realizaron diversas modificacións.

Esta RPT, no seu contido, conta cunha estrutura organizativa básica. O actual organigrama procede daquela aprobación no ano 2009, coas modificacións posteriores, e que configuraba as seguintes grandes áreas administrativas:

- Área de alcaldía
- Área de secretaría
- Área de promoción económica e turismo
- Área de cultura
- Área de obras e servizos básicos
- Área de urbanismo
- Área de formación e emprego
- Área de acción social
- Área de seguridade e protección civil
- Área de servizos económicos

Se ben, no momento da solicitude verbal polo Consello de Contas do "documento" da RPT non se estaba en disposición de "entregar" un documento consolidado da RPT, que recollera todas as modificacións sobre ela realizadas, é certo que o "organigrama" si existía.

Réplica a alegación cuarta

Os datos que se recollen no informe, solicitados non como se di verbalmente, senón mediante o primeiro escrito de petición ao concello, admitíndose na propia alegación a non posibilidade de entregar o documento solicitado. En consecuencia, non modifica o texto do informe.

Alegación quinta.- *O Concello é coñecedor da conveniencia e oportunidade das recomendacións contidas en diversas partes do "Anteproxecto de informe" referidas a contar con manuais de procedementos (páxs. 8,14), instrucións internas (pax. 8, 14), plan de recursos humanos (páx. 8), e a obriga do rexistro de persoal (páx. 14) que, previa negociación nos casos en que sexa necesaria.*

Recóllense as devanditas recomendacións que poderían ser afrontadas una vez que necesidades mais perentorias en materia de persoal sexan resoltas.

Réplica a alegación quinta

A alegación confirma o recollido no Informe, polo que non se modifica o texto.

Alegación Sexta.- Erros na imputación contable.

6ª.1.- Páx. 6 e 21, parágrafo terceiro. Contabilización.

"Pero este rexistro contable das horas extraordinarias non concorda coa previsión da orde EHA/3565/2008 que aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que prevé o subconcepto 130.01 para recoller as horas extraordinarias do persoal laboral fixo e o concepto 131 para contabilizar todas as retribucións do persoal laboral temporal"

O Concello de Carballo so ten dous empregados persoal laboral fixo (auxiliares de axuda no fogar), o resto de persoal laboral é temporal, indefinido en moito casos. O persoal laboral fixo non ten cobrado horas extraordinarias no período obxecto de fiscalización.

A mesma Orde EHA/3565/2008, prevé o artigo 15 Incentivos ao rendemento, que comprende as retribucións destinadas a remunerar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa no desempeño das funcións encomendadas. Se diferencian dous conceptos 150 Productividade "Se imputarán los gastos destinados a retribuir el excepcional rendimiento, la actividad y dedicación extraordinaria, el interés o iniciativa con que se desempeñen los puestos de trabajo" e 151 Gratificacións "A este concepto se imputarán las retribuciones de carácter excepcional reconocidas por servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo, sin que en ningún caso puedan ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo".

En ningún momento a Orde limita a utilización destes conceptos ao persoal funcionario, polo que é criterio da intervención rexistrar no artigo 15 os incentivos ao rendemento percibidos pola totalidade dos empregados municipais.

Doutra forma, contabilizando no concepto 131 as gratificacións por servizos extraordinarios, do persoal laboral temporal, a contabilidade non subministraría información suficiente, sobre a cantidade adicada en cada orzamento aos incentivos ao rendemento e que dificultaría a comprobación das limitacións establecidas polo réxime xurídico específico destas retribucións.

6ª.2.- Páx. 25 (parágrafos penúltimo e último) (*"Figuran erros na imputación contable das gratificacións entre os que destacan que no exercicio 2016 contabilízanse como tales 9.102,39 euros correspondentes ás comisións de servizo, é dicir gastos do capítulo II"*) e páx. 26.

"Capítulo II, Art 23 Indemnización por razón del servizo: As indemnizacións que para resarcir gastor derivados de comisións de servizos e de acordo coa lexislación vixente deban satisfacerse a membros dos órganos de goberno, funcionarios, persoal laboral, eventual e contratado". Se prevén os conceptos 230. Dietas 231. Locomoción e 233 Outras Indemnizacións.

Os 9.102,39 euros, contabilizados como gratificacións, se corresponden a comisións de servizos autorizadas a policía locais do Concello de Carballo, en virtude do artigo 6, apartado 3 da Lei 4/2007, de 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia, que permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros concellos para que membros da policía local destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado, e de seren preciso, en réxime de comisión de servizos, aceptando voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que, en todo caso, deberá darse conta dos acordos adoptados polos concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no rexistro de policía locais de Galicia.

Nestes casos os policía aceptaban facer un reforzó de servizo en outro Concello, determinándose os días e número de horas de prestación de servizo.

É por iso que a retribución pactada, se lles abonaba en concepto de gratificación.

En todo caso entendeuse que estes importes debían figurar no capítulo 1 de gastos de persoal, ser incluídos en nómina e obxecto das correspondentes retencións fiscais e de seguridade social, pero non no capítulo II ao non entenderse como resarcimento de gastos nos que se incurra durante una comisión de servizos.

Réplica a alegación sexta

Respecto á primeira parte da alegación no que o concello ten un criterio diferente de rexistrar os gastos incorridos con relación ao persoal laboral temporal, nada impide que o concepto 131 sexa desagregado en función dos subconceptos que se queiran rexistrar, en consecuencia, non se acepta a alegación.

Con relación a segunda parte da alegación, confirmase que o gasto corresponde a unha comisión de servizo, de acordo co artigo 6.3 da Lei 4/2007, de normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia co fin de reforzar á policial local doutro concello, polo que considerase axeitado que a comisión de servizo sexa contabilizada como capítulo II e non como gasto de persoal, por elo non se se modifica o texto.

Consello de Contas
de Galicia



María Luisa Cardesín Díaz, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

Certifica:

Que o Pleno do Consello de Contas na súa sesión do día 6 de marzo de 2020 aprobou o Informe de Fiscalización selectiva do Concello de Carballo, exercicios 2013 a 2017.

E para que conste expido a presente certificación co visto e prace do conselleiro maior en Santiago de Compostela.

V e pr

O conselleiro maior

José A. Redondo López

CSV : GEN-71e6-890f-7360-c1e1-6c5c-86f3-724b-2be7

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 10/07/2020 11:05 | Sin acción específica



CSV : GEN-33c9-d5c3-3fb6-ebc6-632c-a6a5-dae8-46a4

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SECRETARIA GENERAL DE ADMINISTRACION DIGITAL | FECHA : 10/07/2020 11:15

FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 10/07/2020 20:54 | Sin acción específica

